

Comunicación Hoxe

comunicacion@galicia-hoxe.com

ANÁLISE Sae á luz o primeiro estudo sobre valores sociais e xornais no que se asegura que "os medios ven a palla no ollo alleo e non no propio"

A PRENSA ASUME O PAPEL DE SUPERVISORA DOS DEREITOS

"OS PERIÓDICOS SON CONSCIENTES DA SÚA RESPONSABILIDADE E NON SE DEIXAN INFLUÍR POLA TENSIÓN"

D.D. - A Coruña

A prensa galega e española teñen asumido o papel de "supervisores" dos poderes públicos e na defensa dos valores recollidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos. No seu tratamento prima a súa denuncia sobre a súa promoción.

Con todo, os medios españois parecen ver a palla no ollo alleo e non no propio, pois a maioría das informacións relacionadas cos dereitos humanos cingúense ó ámbito estranxeiro. "Os medios tenden a ver violacións masivas, pero non se fala tanto das violacións provocadas por un Estado contra un individuo", explicou onte na Coruña Alfonso de Salas, director de Dereitos Humanos do Consello de Europa.

Estas son algunhas das conclusións do estudo Dereitos Humanos e prensa escrita, elaborado pola Fundación Cidadanía e Valores e financiado por Caixa Galicia. O director do informe e catedrático de comunicación da Universidade Complutense de Madrid, Ubal-



J.M. Román, á esquerda, xunto a J.M. Iglesias, onte durante a presentación do informe

Catalizadores de frustracións

O director de Dereitos Humanos do Consello de Europa, Alfonso Salas insistiu na función formativa dos medios porque "pode ser un catalizador de frustracións e dar lugar a racismo ou xenofobia, porque o seu papel é moi im-

portante". No acto tamén interviñeron o director de Acción Social de Caixa Galicia, José María García Iglesias, e o presidente da Fundación Cidadanía e Valores, José María Román, ademais de numeroso público.

do Cesta, destacou que se trata do primeiro informe sobre a materia de Europa e que se baseou no análise da información diaria publicada en quince cabeceiras. Costa dixo que a prensa é "consciente" da súa responsabilidade e dedica un tratamento informativo máis que valorativo. Ademais, matizou que as "tensións territoriais" non inflúen no tratamento do tema. ●

CORREO TV ■ 'Faladoiro' conversa sobre a crise económica e a situación da autoestrada do Atlántico

O fiscal de menores, invitado no espazo 'Antes e despois'

Rivas (PP), Ismael Rego (PSOE) e Ana Pontón (BNG) participan esta noite, ás dez e media, en *Faladoiro*, o programa de debate que presenta Susana López. Os temas que se van tratar hoxe refírense á situación da AP-9 tras a compra por un fondo de investimentos, a situación económica, en especial as cifras do paro, e tamén sobre a Constitución 30 anos logo da súa aprobación. Previamente, ás nove e media, emítese *Antes e despois*, o espazo dedicado ós

menores que presentan Ignacio Balboa e Charo Barba. Hoxe falarase do Programa de Prevención Primaria a favor do bo trato, posto en marcha pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Para iso contarán coa presenza de Xesús Spínola, psicólogo e coordinador do citado programa. O segundo invitado é Carlos Mariscal de Gante, fiscal de menores da Fiscalía da Coruña, quen explicará as funcións do seu departamento e o labor que realizan. ● REDACCIÓN

POLÉMICA ■ O ente considera que estes deportes deben chegar a maior audiencia

TVE protesta polo alto custo de emitir os Xogos de inverno

Televisión Española súmase á protesta que o presidente da Unión Europea de Radiodifusión (UER), Fritz Pleitgen, lle expuxo ó Comité Olímpico Internacional polo alto custo que pide pola retransmisión dos Xogos Olímpicos de inverno de 2014 e de verán de 2016. Na súa carta, Fritz Pleitgen lamenta esta decisión do COI e mostra a sorpresa dos membros da UER "polas elevadas expectativas financeiras do COI" logo de recor-

darlle que a UER traballou co COI desde 1956 "para facer chegar os Xogos Olímpicos á maior audiencia posible e asegurar a máxima difusión dos Xogos e dos distintos deportes olímpicos entre os JJOO". O presidente lamenta que, "segundo parece, non se tivo en conta o alto nivel de investimento adicional da UER en dereitos e na produción dunha cobertura de calidade para os campionatos mundiais de moitos deportes". ● EFE

SERIE

■ Estrea unha ficción sobre irmáns idénticos

Telecinco organiza unha 'quedada' de xemelgos para promocionarse

Pasada a moda de organizar 'premiere's' de cine para promocionar unha estrea televisiva, agora Telecinco dedidiu convocar os xemelgos e mellizos de toda España para promocionar a súa nova serie diaria *Mi gemela es hija única*. A ficción, que segundo anuncia a cadea en televisión, se vai estrear o vindeiro martes 9 de novembro, chega a Telecinco para emitirse de luns a venres logo de *Yo soy Bea* (18:00 horas). A serie é o último produto da factoría Grundy (*Yo soy Bea*, *Sin tetas no hay paraíso*) e narra a historia de dúas xemelgas separadas ó nacer que se atopan anos despois e intercambian as súas identidades. Para dar a coñecer a serie antes da súa estrea, Telecinco volverá sacar unha serie de televisión ás rúas da capital a través da convocatoria dunha 'quedada' de xemelgos que se celebrará o vindeiro venres 5 de decembro ás 12:00 horas na madrileña praza Pablo Ruiz Picasso (zona Azca).

Desde o pasado venres 28 de novembro, a web da cadea vén facendo un chamamento a todos os xemelgos e mellizos de España para que acudan a esta concentración na que terán a oportunidade de coñecer a outros xemelgos e optar a un premio. A participación a este acto está aberta a todas as parellas maiores de 12 anos que se inscribiron previamente en www.telecinco.es, onde ata a data recibíronse 110 solicitudes.

Para acceder ó lugar da quedada, as parellas participantes terán que presentar o seu DNI (os menores de 18 anos deberán ir acompañados por un titor), trámite tras o cal a organización lles fará entrega dun cartón que poderán trocar por unha peza de quebracabezas. Dado que unicamente dúas das pezas que se entreguen encaixan perfectamente, as dúas parellas que logren casar as súas fichas durante este encontro recibirán 5.555 euros cada unha delas.

Outro medio de promoción da serie antes da súa emisión será a web, e é que Telecinco quixo anticiparse á estrea da serie ofrecéndolles a todos os telespectadores e internautas a posibilidade de ver imaxes exclusivas dos tres primeiros minutos. ● EFE